



O grupo de profesionais traballa para definir contornos que sirvan de axuda aos profesores nas estratexias metodolóxicas

FIRMA

Novo pulo ao uso que fan os docentes das novas tecnoloxías

Investigadores da USC crearon un espazo virtual para apoiar aos docentes, dende a educación infantil ata a universitaria, para moverse nas novas canles

Redacción

■ O grupo de investigación Stellae da Universidade de Santiago traballa dende hai anos na mellora dos procesos de formación e no desenvolvemento profesional dos docentes dos diferentes niveis educativos, dende a educación infantil ata a universitaria. O equipo, coordinado pola catedrática Lourdes Montero Mesa, está integrado por profesores, pedagogos, psicopedagogos e informáticos. Unha das súas principais liñas de investigación céntrase na utilización que os docentes fan das novas tecnoloxías: É o caso dos foros, chats, correo electrónico, materiais multimedia, portafolios electrónicos, blogs...

O equipo desenvolveu un espazo virtual denominado Morea (Múltiples Obxectos Reutilizables para o Ensino e a Aprendizaxe), destinado a apoiar ao profesorado na elaboración dos seus materiais dixitais. Neste espazo os docentes dispoñen dos recursos necesarios para crear ferramentas multimedia de xeito sinxelo. Ademais, tamén poden colocar o material que empregan e compartilo con outros profesionais. «A idea é dispoñer do maior número posible de obxectos de aprendizaxe para mellorar a calidade do ensino», afirma a investigadora.

Tal como sinala a profesora Montero, «o desenvolvemento da aprendizaxe electrónica,

como unha das habilidades requiridas para a adecuación da docencia ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), xera algúns problemas, sobre todo á hora de adaptar os contidos do ensino á web». Nesta liña, o equipo da Universidade de Santiago orienta boa parte dos seus esforzos á indagación de contornos de ensino e aprendizaxe que posibiliten o apoio ao profesorado na mellora das súas estratexias metodolóxicas.

Os cambios que se están a producir no ámbito educativo existen tamén un cambio de rol nos profesores, máis alá da tradicional transmisión de coñecemento. «Temos o reto

de repensar cal é o novo papel que teñen os profesionais da educación. Porque se a información está accesible en tantos medios, os docentes non poden ser meros transmisores. O que se nos está a demandar non é transmitir, senón axudar a seleccionar, sistematizar, organizar...», explica Montero. Asegura que «esta nova situación estanos a crear unha gran cantidade de interrogantes que tratamos de resolver a través da investigación».

As investigacións que está a desenvolver o equipo da Universidade de Santiago poñen de manifesto que existe unha fenda entre as dotacións

tecnolóxicas de que se dispón no contorno educativo galego, ás que consideran positivas, e o uso que os docentes fan das mesmas. Os resultados mostran que as novas tecnoloxías estanse a instalar no ámbito educativo para seguir a facer o mesmo que se viña a facer ata agora, de xeito que non están a introducir grandes cambios.

Só algúns profesores, aínda moi poucos, están a cambiar o seu modelo tradicional, é dicir, optan por substituír a simple transmisión de coñecemento por unha maior construción do coñecemento, o que implica ser posibilitador, facilitador, mediador, ter unha maior interacción presencial e virtual cos seus alumnos... «Cara aquí é onde pensamos que se debe ir, isto é o que cremos que significa ensinar e aprender na Sociedade do Coñecemento», apunta a catedrática Lourdes Montero.

Os profesores teñen un novo papel, deben preparar aos seus alumnos como cidadáns críticos e como futuros profesionais tamén críticos, co propósito de que estean preparados para afrontar o futuro con éxito e satisfacción. «Para levar a cabo este proceso os profesores precisan formación, unha nova alfabetización dixital e tamén necesitan apoio, tanto por parte das institucións educativas como da Administración», asegura a investigadora.


PROPOSTAS

Os alumnos actuais tamén son diferentes

■ A profesora Montero declara que «os cambios no ensino son sempre lentos e non necesariamente tecnolóxicos. Son sobre todo cambios nas persoas». E recalca que «a formación ten que ir encamiñada a crear sistemas de apoio que faciliten poder facer fronte aos retos porque ensinar é algo máis que impartir clase».

Os investigadores da Universidade de Santiago destacan que «o propio cambio no estudiantado é moi importante, xa que os alumnos tamén son distintos

aos doutros tempos. Cada vez son máis e máis diversos, tanto na súa procedencia como en canto ás súas capacidades». Nesta liña, sinalan que cómpre examinar o que está a suceder e como se lle fai fronte ás transformacións que se están a producir no eido educativo. Por esta razón, o equipo da USC traballa na análise desta situación, co fin de poder facer propostas de cambio que sexan benéficas para docentes, alumnos e para o proceso educativo en xeral.



Los negocios de cerámica crecen un 70%

ACTUALIDAD | 3 Hasta un 70% de establecimientos se han abierto en Galicia relacionados con la cerámica como actividad profesional. Por provincias, A Coruña reúne a la mayor parte de estos negocios que cuentan con una clientela fidelizada.



Una guía para consumir menos en Navidad

MEDIO AMBIENTE | 4 Sogama y la (Fegamp) editan una guía en la que aconsejan un consumo responsable en estas fiestas navideñas. El documento divulgativo llegará a los ciudadanos en formato digital.



Los jugueteros apenas notarán la crisis

CONSUMO | 5 El sector juguetero apenas notará la crisis estas navidades debido al aumento de la natalidad. Se notó un ligero retraso en las compras, si bien en Galicia el gasto medio en regalos y juguetes será de 212 euros, según la FUCI.